

IVE (7%): 29.439,25 euros.

Orzamento base de licitación: 450.000 euros.

Valor estimado total, incluídas posibles prórrogas (sen IVE): 630.841,12 euros.

Prezo de referencia en cada ensaio: 1,4 euros.

5. Financiamento: fondos propios da comunidade autónoma.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se exige.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, se é o caso: segundo as letras H e I.

7. Garantías exixidas.

Provisional: non.

Definitiva: 22.500 euros.

8. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Servizo de Contratación (Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural).

b) Secretaría Xeral.

c) Domicilio: edificio administrativo de San Caetano, s/n.

d) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

e) Teléfonos: cuestións administrativas (981 54 57 48)-cuestións técnicas (981 54 57 33).

f) Telefax: 981 54 57 92.

g) Correo electrónico: licitacion.mediorural@xunta.es

h) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data límite de presentación das ofertas, todos os días laborables, excepto sábados, desde as 9.00 ás 14.00 horas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=13977

9. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación das ofertas empezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 8 de xuño ás 14.00 horas (hora local).

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: o único rexistro válido será a oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela, CP 15781), podendo envialo por correo dentro do prazo de admisión sinalado a este rexistro único, conforme o disposto no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. A

presentación das proposicións en lugar distinto do sinalado será causa de rexeitamento ou exclusión.

d) Admisión de variantes, se procede: non.

e) Prazo no que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous (2) meses contados desde a data de apertura das proposicións.

10. Apertura das ofertas.

a) Enderezo: Sala de Xuntas da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, edificio administrativo San Caetano, s/n.

b) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

c) Data e hora: a apertura dos sobres B terá lugar, en acto público, o 18 de xuño ás 13.00 horas (hora local).

A apertura dos sobres C terá lugar, en acto público, no lugar, data e hora que se comunicará mediante a súa publicación no perfil de contratante e mediante o envío dun fax a cada un dos licitadores.

11. Gastos de publicidade: serán por conta do/s adxudicatario/s.

12. Data de envío do anuncio ao *Diario Oficial de la Unión Europea*: 29 de abril de 2010.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2010.

P.D. (Orde 24-4-2009)

Jorge Atán Castro

Secretario xeral da Consellería do Medio Rural

Edicto do 5 de abril de 2010, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Comunal de Vilanova de Ribela, por solicitude dos veciños de Vilanova, parroquia de San Xillao de Ribela, no concello de Coles (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 24 de marzo de 2010, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Comunal de Vilanova de Ribela, por solicitude dos veciños de Vila-

nova, parroquia de San Xillao de Ribela, no concello de Coles, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-Con data do 30 de abril de 2008 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Vilanova, parroquia de San Xillao de Ribela, concello de Coles, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños de Vilanova, parroquia de San Xillao de Ribela.

Segundo.-Con data do 18 de novembro de 2008 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal e man común do referido monte, designa instructor e procede a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, que abren o período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Coles.

Denominación do monte: Comunal de Vilanova de Ribela.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Vilanova, parroquia de San Xillao de Ribela.

Superficie: 13,13 ha.

Norte.

Polígono 29:

Comunal de Paradela de Coles.

Sur.

Polígono 29:

-Parcela 1043: Doforno Cardero, Paz e tres.

-Parcela 1045: Pérez Vázquez, Antonio.

-Parcela 1046, Aris Fernández, José.

-Parcela 1047: Sotelo Dosouto, Celestino.

-Parcela 1049: Laso Doforno, Carmen.

-Parcela 1050: Doforno Lazo, Emilio.

-Parcela 1051: descoñecido.

-Parcela 1059: Álvarez Domínguez, Enrique.

-Parcela 1068: Dofono Ribada, Concepción e sete.

-Parcela 1071: Iglesias Cardero, Celsa.

-Parcela 1075: descoñecido.

-Parcela 1: a e b: Bóveda Iglesias, Fco. Javier e Beatriz.

-Parcela 2: a e b: Iglesias Valadares, Carmen.

-Parcela 3: a , b e c: Iglesias Valadares, Eduardo.

-Parcela 1667: Iglesias Valadares, Eduardo.

-Parcela 674: González Pardo , María e un.

Leste.

Polígono 29:

-Parcela 321: Comunal de Paradela de Coles.

-Parcela 675: Fernández Pérez, Demetrio.

Oeste.

Polígono 29:

-Camiño público.

-Comunal de Paradela de Coles.

-Comunal de Outeiro de Ribela.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común ... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do

4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños de Vilanova, parroquia de San Xillao de Ribela, no concello de Coles, o monte denominado Comunal de Vilanova de Ribela, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recuso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 5 de abril de 2010.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 5 de abril de 2010 do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Comunal de Monte Asnal, por solicitude dos veciños de Monte Asnal, parroquia de Trasalba, no concello de Amoeiro (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 24 de marzo de 2010, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Comunal de Mon-

te Asnal, a solicitude dos veciños de Monte Asnal, parroquia de Trasalba, no concello de Amoeiro, resultan os seguintes

Feitos.

Primeiro.-Con data do 6 de outubro de 2006 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Monte Asnal, parroquia de Trasalba, concello de Amoeiro, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños de Monte Asnal, parroquia de Trasalba.

Segundo.-Con data do 18 de novembro de 2008 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal e man común do referido monte, designa instructor e procede a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, que abren o período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Amoeiro.

Denominación do monte: Comunal de Monte Asnal.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Monte Asnal, parroquia de Trasalba.

Superficie: 203.318 m².

A- Monte Tapada das Piñas (Rodeiro), formado por tres zonas distintas, cunha superficie total de 41.180 m².

Zona 1.-Cunha superficie de 26.825 m², estrema:

Norte: monte veciñal en man común de Trasalba.

Sur: leiras de José González Desairas e herdeiros de José Gómez.


Leste: monte veciñal en man común de Pradobón, leiras de Purificación Cabanelas, Antonio Araujo Tilve, Eduardo Rodríguez.

Oeste: leiras de Coren, Purificación Cabanelas, José González Desairas.

Zona 2.-Cunha superficie de 3.575 m², estrema:

Norte: leiras de José González Desairas, Inocencio «de Outeiro», Antonio Desairas Eirey, José Iglesias Eirey.

Sur: estrada de Ourense a Trasalba.



Monte veciñal en man común "Comunal de Vilanova de Ribela", pertencente a Vilanova, no concello de Coles
 Proxección UTM, fuso 29 N. Datum ED50. Escala 1:5.000
 Consellería do Medio Rural e do Mar. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de Montes